

# Manuel Rodríguez López

O noso consocio naceu en Paradela (Lugo) e leva en Barcelona dende os seis anos. Ten publicados dous libros, «Poemas populares galegos» e «Saudade no bulleiro». Foi premiado en diferentes ocasións, conseguindo co poema «A emigrante», que hoxe reproducimos, o primeiro premio de Villalba.

## A Emigrante

### I

Onte chegaches pra pedir traballo  
á gran cidade; que deixaches, dona,  
os cativiños i o marido lonxe  
nunha casoupa.

No asfalto e no rebumbio mergullada,  
ninguén enxoita as bagoas que te escoan,  
ninguén cavila na tristura infinda  
que te aferrolla.

A tua ialma esnaquizada zuga  
o fel acedo do emigrante sino  
i a todas horas, soia en terra allea,  
soñas cos fillos.

Il non tén saúde; que a perdéu moi novo  
tronzando toros, removendo pedras,  
rozando toxos e cavando a bouza  
na probe aldea.

Somente quedan os teus brazos rexos  
pra erguer a casa asulagada en tebras;  
coitados nenos, de farrapos cheus...  
cómo langrean!

### II

Da noite roubas horas de descanso  
e fas roupiña prós meniños teus;  
comes codelos pra aforrar os cartos  
do longo mes.

Non eres soia! Se samente ti  
o fel beberas da inxusticia moura,  
que abura un pobo, que atanaza á raza  
que nos esfolá...

Donas e mozas a milleiros fuxen  
a terra estrana, percurando o pan;  
que as leis non valen pra sandar as chagas  
do probe lar.

Fica ermo o pobo. Soio quedan vellos,  
homes eivados, silvas, corgas, nenos...  
Galicia é fonte que samente deita  
prantos tristellos.

### III

Non canto á dona que no pazo folga.  
Non loubo, NON, á en señoreada lurpia  
nen á burguesa que esqueceu a lingoa  
i a caste súa.

O meu poema, mesturado en sangue,  
alauda á probe i á emigrante cansa  
do vieiro longo, do camiño choído,  
desfeita en bágoas.

Eu canto á dona que en lonxanos eidos  
soña os seus nenos!

Eu canto á moza que en cidade allea  
soña coa aldea!

Eu canto á aboa que acanea a filla  
da sua filla!